

Relato “As voces da caluga” por Eilún del Pazo

— Están aí. Non os ves, ninguén pode, mais eu sei que veñen. Bule, bule.

A fiestra deixaba ver os ollos cheos de pánico. Foran intensos e azuis, como o mar que rompe durante a tempestade, agora, xa gastados tras noventa anos de loitas ficaban grises, faltos de luz. A moza acariñou o liso cabelo con tenrura, disimulando as bágoas.

— Son eu, veñen por min, fuxe, ruliña...

A voz perdíase en apenas un murmurio no espesor das horas da tarde. Decotío pronunciaba esas verbas que só ela entendía, sempre ao lado dos vidros, abaneando a cadeira de piñeiro avellentado e co rosario entre as maos.

Chegou o día no que a avoa deixou de falar, a enfermidade rematou por completo co seu manido corpo e diría que con parte da alma tamén. Non mentirei afirmando que non a estrañei, no fondo da súa loucura atopábase unha muller cando menos sorprendente. Nunca souben todo o que quixera sobre ela, desde ben meniña comezara a escoitar as súas advertencias sobre o demo, ou así lle chamaba ao ruído. As causas destes eran do máis dispares, desde posesións a doenzas procedentes de libros escasamente sacros, o caso era que ningún de nós acaba de comprender o segredo da muller tan ben gardado durante décadas.

María era o nome gravado na lapidaria, a tola, a enferma sen cura, coñecida en toda a comarca. O seu marido, Alfredo, fora un mariñeiro supostamente desaparecido, trauma que non chegaría xamais a superar. As linguas envelenadas da vila comentaban que marchara cara o Sur a raíz da psicopatía da súa dona, incluso eran quen de acusar de tan horrible mal ao propio home. O caso era que María, incapaz de esquecer, seguiría agardando un regreso a carón da fiestra toda a súa malgastada vida.

Eu deixara o minúsculo pobo, e os tantos veraos onde me vira medrar, moito antes de morre-la avoa, escasas eran as veces que me achegaba para visita-la debido ás cargas de traballo e estres propias da cidade. Non entanto adoraba o recender a saudade das galletas nas mañás de inverno e as monótonas tardes de maruxía

próximas á lareira. De non ser polas continuas voces a estampa semellaba do máis acollidora, máis elas estaban alí, sempre, batendo coma vagas nos cons, ata desgasta-los miolos. Ignoro que me levou a regresar meses despois, a semente dun instinto case animal medraba en min de tal modo ca única solución era renderme completamente a el. Sen máis demoras, coa mochila aos ombreiros subín ao primeiro dos autobuses. A inqueda, coma trilla que era, devorábame por dentro xeando ata o latexo máis forte do meu corazón. Ó alba atopeime estática, admirando os sinuosos recorridos do valado que forxara o meu propio pai para a casa. Había alguén ao outro lado, era pequeno e desleigado, pero era alguén. Tiña os ollos sutilmente carmesí, contrastando co gris escuro da pelaxe pegada ás costelas pola extrema delgadeza do animal. Os gatos foran sempre do meu agrado, máis debo confesar que a presenza daquel conseguía contraer ata o último poro da miña pel. Non se moveu, limitábase a observar os meus pasos polo xardín vougo e descoidado. Ora ben, no momento que puxen o primeiro dos pés na baldosa fazada do corredor, refregouse contra min entrando ata a cociña. Todo estaba igual, mesmo as flores murchas ficaban no vaso de porcelana coma se ren pasara. De non ser o manto de po que vernizaba as lámpadas e andeis da libraría aventuraríame a xurar ca avoa estaba alí, mais se algo dela habitaba aínda entre os eivados muros eran os recordos dos seus laios, chantados na medula. Tras deixar as cousas sobre a cama comecei a pescuda de calquera dato útil para pechar a ferida, foi entón cando o esfameado? ser achegouse de novo a min, maiando docemente. A medida cos dedos enleábanse nel a paz ocupaba cada un dos ocos nus da miña alma. E así pasaron os longos días de volta ás raizames, entre cantos de noitebras e miaños, entre frío queimando os ósos e ar salgado. Por un intre esquecera os edificios, os tubos de escape e as presas, até María e o seu xemer de agoiros, tan só nese efémero momento fun plenamente feliz.

Certa mañá Cinza, así o chamaba, esvaeceu. Pasei o día percorrendo as salas e cortes sen atopar rastro ningún do seu paso. Ese atardecer a noitebra tampouco asistiu á cita habitual. Non quedaba centímetro no que non buscara, maila os esforzos o gato non apareceu nos tres días seguintes. No canto da ave, foi a morriñosa soidade a vencedora da carreira de sentimentos decididos a conquista-lo meu estómago para facer niño nel. Ren máis. Era coma un rato, roendo aos poucos, persistente e eficaz. Letal.

De novo ese errático instinto animal arrastrándome cara a única das lindes infranqueábeis da morada. Inda sobrevivía o cadeado de aceiro fechando a estancia, albergando intacta no seu interior a atmosfera opresora característica. Só entrara unha vez alí, moito antes de que o avó colocara a cadea, enterrando para sempre as lembranzas con ela.

As madeiras crebadas resoaban ao tempo que avanzaba. A couza fixera fogar tanto nelas coma no meu propio peito. Conforme o ulir a óxido asediaba os pulmóns pouco a pouco, impedindo respirar con normalidade, a estraña sensación de perigo corría en forma de adrenalina polas miñas veas e capilares, sen deixar un milímetro ermo. Empurrei a esgazada porta de carballo con todo o peso do meu corpo. Abriuse lentamente cun renxer estrepitoso. Ó outro lado o sangue brotaba trazando meandros polo andadeiro sen que puidera descubrir a súa procedencia. Ferro, todo abafaba a hemoglobina desnaturalizada. Sen darme sequera conta eu mesma estaba cuberta. Foi aí cando o notei por vez primeira, os desagradables recordos infantís empapados de inocencia rubían polo esófago ata facer trincheira na gorxa provocando un tapón de saliva intragable. Eu coñecía dito cheiro, coñecía demasiado ben. De súpeto cada unha das pezas atopou a posición exacta onde encaixar no epicentro propagando o sismo até as dedas. Tal fora a súa magnitude interna co diafragma, contraído de pavor, deixou de responder. Quixen berrar, expulsar o ar que queimaba a traquea, máis no último dos intentos o meu corpo caeu sen previo aviso.

Cando erguín de novo as pálpebras o gato estaba mirándome até atravesarme con aquel iris carmesí. Calmo e hipnotizante. O rostro reflectía unha imaxe de baldeiro absoluto da que era imposible aparta-la ollada. Nunca me alegrara e asustara tanto de saberme viva. Non tiña idea de onde estaba, unha cinta rodeaba a miña testa impedindo virarme para descubrir a sala, tamén as pernas e as bonecas ficaban apreixadas polo que asemellaba coiro.

O silencio rompíase por un petar acompasado dunha especie de material metálico. Profundaba nos ouvidos de forma rechianta, case sentía a vibración nas pezas do cranio provocándome unha dor insoportable. Por un intre pensei que estaba a piques de acariñar a demencia e facer noite nela. Por un mísero intre, pasadío e eterno ao mesmo tempo, as miñas pestanas rozaron o éxtase da

desesperación. Cinza colocouse entón sobre o meu peito, causando unha presión excesiva para o seu tamaño. Outra vez os ollos titilantes fixos nos meus, bailando coas meniñas até o naufraxio. Discernir o delirio do puramente real complicouse a esas alturas da historia. Xuraría que foi obra dalgún tipo de ilusionismo desencadeado por aquel maldito iris e a catarata de lembranzas redescubertas, maila todo, as cicatrices tatuadas a sangue e metal persisten na pel.

As cordas tensáronse máis, lacerando na carne espida e supurante. Baixo ela, as fibras musculares tremeron con violencia. Tratei de retorcerme, mesmo chorar, mais só fun consciente da parálise das miñas reaccións. A descarga veu despois, queimando nervio a nervio, desde cranial ós máis caudais. Inhalei varias veces compulsivamente, pero o aire, cargado de máis, non podía entrar. A ansiedade apiadouse de min, arrolándome no seus brazos. Dúas. Tres. Ata catro descargas. Contei os segundos agardando pola quinta, pero esta nunca chegou. Notei como perdía parte da consciencia e control dos membros, salvo a dor, esta aferrábase a min coma quen o fai a cravos ardentes. Non estaba soa, falaba con voz atabacada mentres daba voltas a algo similar a un cicel. Desabrochou a cinta da cabeza murmurando que apenas contaban cuns minutos antes de que espertara. Alto, acougade! As verbas quedaron prendidas da comisura dos beizos que non se abriron. O instrumento vibrou no baldeiro durante un segundo, antes de rozar a órbita. Un calafrío apoderouse de min, nin Deus tiña na súa mao a oportunidade de salvarme cando o aceiro crebou as capas máis superficiais do rostro e bateu co óso. Coma se un milleiro de unllas garduñaran as entrañas, esnaquizándoas lentamente. Insoportábel. O seguinte foi un golpe seco e atinado. O leucotomo chantouse deixando un ronsel de estelas ó seu paso. Non se detivo alí como agardaba, non. En certo punto do tormentoso horror chegou paz ó fin, sempre acompañada do ulir putrefacto dos miolos rachados e a carne oxidada polo sangue, pero paz. A ronca voz falou entón cara min, sostívome nos seus brazos e bicou delicadamente a meixela empapada axudándome a incorporarme. A modo de coros unha serie de lenes rumores nacían na miña alma, inentendíbeis, berraban desorganizadamente. Levei as mans ós ouvidos, máis a cálida aspereza doutras detivéronas. Desexei apartarme, correr, esquecer o tacto de quen tantas veces sostivera as infantís e magoadas palmas nas súas. O home, tendeu-me un espello para comprobar a escasa desfiguración que sufrira a miña cara, para a miña sorpresa non me atopei. As voces

xa o advertiran. A faciana cansa e magoada do vidro non era outra ca avoa e ao seu carón, agochada tra-lo marco da porta, había unha diminuta bóla humana. Eu presenciara gran parte da operación, a candidez ocupárase de estraga-las lembranzas, nun intento desesperado de protexerme. Eu sabía a verdade sobre o demo desde o principio.

Eu,
soamente eu,
gardaba o segredo.



Prosa poética por Eugenia Vázquez Pereira

TARDE

Salí contigo, mamá. Fuimos de compras. Y entonces la vi... ¡Qué linda era, mamá! ¿La recuerdas? ¿Recuerdas su pelo? ¿Cómo reflejaba todos los colores del arco iris? ¿Y sus piernas? ¿...Y su vestido? ¡Qué bonitas figuras dibujaba en la pared cuando la luz se descomponía al atravesarla...! No recuerdo haber visto nunca una bailarina de cristal tan preciosa como aquella. Te pedí dinero para comprarla pero me dijiste que no... Que era muy niño... Que debía esperar. Y esperé, mamá, vaya que sí. Y mientras esperaba me fui preparando, fui ahorrando un poquito del dinero que me dabais.

Un día volví a verla... parecía que seguía esperándome, allí, tan dulce y sonriente como la otra vez. Sólo a mí, mamá... sólo me esperaba a mí... y ese día la conseguí. Le llevé el dinero al tendero, y él me la dio. Me dijo que la tratara con cuidado... ¡Por supuesto que iba a cuidarla! ¡Menuda tontería! Ese día fui feliz, mamá: Por fin era mía.

Siempre la llevaba conmigo, era lo más importante de mi vida. Pronto, todos mis amigos la habían visto. Yo se la enseñaba orgulloso, mamá, ¿sabes? Era mi mayor tesoro.

Pero mi bailarina, tan bella y tan frágil, regalaba sus mágicos colores a todos. ¡A todos, mamá! A todos. Eso no me gustaba. Sentía que la magia de mi bailarina ya no esperaba sólo por mí. Y no podía soportarlo, de verdad, mamá, ¡No podía!

Acabé guardándola celosamente en una caja de latón, en mi cuarto. Sólo la sacaba cuando estaba solo, y nadie más podía disfrutar su belleza. Ya no la llevaba conmigo, mamá, no podía llevarla: Ella era tan bella para mí como para los demás. Y eso no era justo: yo había luchado por ella, ¡Los demás no! Yo la quería, y a los demás no les importaba si se rompía o si seguía allí. Pero mientras siguiera allí, mientras siguiera libre, seguiría regalándoles sus colores a todos...seguiría siendo injusta conmigo. Con todo lo que yo había hecho por ella, mamá...con todo lo que yo la quería...